



## RESOLUCIÓN

Dado que segundo o “Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Danza de Oleiros”(REMDO), publicado no BOP de A Coruña núm. 72 de 16 de abril de 2013, nos seu Capítulo 3 de Anexo 1, indícase o procedemento de matrícula para acceder aos estudos en dita Escola;

Posto que a data de inicio do proceso de matrícula comezará o 6 de marzo, para proceder á renovación do alumnado matriculado neste curso escolar e realizar as novas matrículas para o vindeiro curso escolar 2025/2026, é necesario aprobar e facer público o calendario e instrucións que rexerán este proceso;

Polo exposto, e en virtude das atribucións contidas no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía núm. 2023003281 de 21 de xuño;

### RESOLVO :

**1ª.-** Aprobar o seguinte calendario de renovacións e novas matrículas para o curso escolar 2025/2026, da Escola Municipal de Danza de Oleiros e as instrucións que rexerán para estas:

### CURSO ESCOLAR 2025-2026

#### Cadro do proceso e prazos de matrícula da ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

| Fases                                  | Prazos            | Accións                                                                                                                      |
|----------------------------------------|-------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1ª.-Renovación das matrículas oficiais | 6-19 MARZO        | Renovación das matrículas de Música e Movemento (agás o ano 2017), Danza Clásica, Danza Urbana e Danza para Adultos/as       |
|                                        | 26- MARZO         | Publicación das prazas vacantes de Música e Movemento (agás o ano 2017), Danza Clásica, Danza Urbana e Danza para Adultos/as |
|                                        | 27 MARZO -4 ABRIL | Solicitudes de renovación de matrículas de Música e Movemento do ano 2017                                                    |
|                                        | 11 ABRIL          | Publicación de prazas vacantes en Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as                       |
| 2ª.- Matrícula de prazas libres        | 22-30 ABRIL       | Pre-inscripción libre para ámbitos de Música e Movemento, Danza Clásica, Danza Urbana e Danza para adultos/as                |



|                                        |                                                      |                                                                                                                                                                |
|----------------------------------------|------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                        | 5 MAIO                                               | Sorteo de letra para adxudicar prazas                                                                                                                          |
|                                        | 12 MAIO                                              | Publicación de prazas adxudicadas de Música e Movemento, Danza Clásica, Danzas Urbanas e Danza Adultos/as<br>Cargo en conta das renovacións de matrícula 25/26 |
|                                        | 13-26 MAIO                                           | Prazo de alegacións ás prazas adxudicadas e á listaxe de espera.                                                                                               |
|                                        | 2-XUÑO                                               | Publicación dos resultados das alegacións.                                                                                                                     |
|                                        | 3-16 XUÑO                                            | Formalización das matrículas e aboamento das taxas e entrega de documentación.                                                                                 |
|                                        | 18-XUÑO                                              | Publicación de matriculados/as e listaxe de espera                                                                                                             |
| 3ª.- Matrícula do prazo extraordinario | 1 setembro –<br>Último día<br>lectivo de<br>febreiro | Período extraordinario de solicitude de praza<br>Listaxe de espera por orde de rexistro.                                                                       |
|                                        | Último día<br>lectivo de<br>febreiro                 | Desafección de listaxe de espera do curso escolar vixente.                                                                                                     |

O HORARIO para a realización dos procesos antes descritos será o seguinte:

DE LUNS a VENRES de 16:00 a 21:00 horas.

LUGAR: Secretaría da Escola Municipal de Danza.

**2ª.-** Facer pública esta resolución nos taboleiros de anuncios da Escola Municipal de Danza, do Concello de Oleiros e do Centro Cultural A Fábrica.

**3ª.-** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

**4ª.-** Notificar esta resolución á empresa adxudicataria da xestión da Escola Municipal de Danza para os efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario/a accidental,





CONCELLO DE  
OLEIROS

## EDUCACIÓN

---

que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

